

CERTIFICADO

EXPEDIENTE Nº	ÓRGANO COLEGIADO	FECHA DE LA SESIÓN
858/2023	A Xunta de Goberno Local	21/04/2023

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 858/2023. CONTRATACIONES. INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE FOTOVOLTAICAS PARA A PISCINA MUNICIPAL E A CASA DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

Favorable Tipo de votación: Unanimidad/Asentimiento

RESOLUCIÓN

Mediante Resolución da Axencia Instituto Enerxético de Galicia de 28 de outubro de 2021 (DOG nº 215 de 09/11/2021) se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e ao terceiro sector no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422J e IN422K).

As citadas axudas incluídas na convocatoria teñen todas elas como obxectivo o desenvolvemento de enerxías renovables, concretamente o autoconsumo e o almacenamento eléctrico no sector residencial, administracións públicas e o terceiro sector. Concretamente, estas axudas teñen o seu encaixe no programa de incentivos vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento, con fontes de enerxía renovable, aprobado polo Real Decreto 477/2021, de 29 de xuño, co obxecto de establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas, no marco dos obxectivos perseguidos polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia e polo Plan Nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) 2021-2030. Concretamente estas axudas encaixan nos programas 4 e 5 deste real decreto.

Así a axuda concedida ten por obxecto o suministro e instalación dunhas instalacións fotovoltaicas para autoconsumo na Casa Consistorial do Concello de Porto do Son e na Piscina Municipal.



HITO OBXECTIVO DO PROXECTO.

A finalidade que se trata de conseguir co presente contrato está íntimamente ligada á execución da axuda concedida polo INEGA cal é a de fomentar a utilización de fontes de enerxía renovables contribuíndo así á descarbonización do sistema eléctrico mediante a realización dun sistema de xeneración de enerxía eléctrica mediante enerxía fotovoltaica solar segundo a proposta técnica que se contén nos proxectos técnicos que servirán de PPT á presente contratación:

PROXECTO DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NA CASA DO CONCELLO DE PORTO DO SON (R.E. nº 788 de 10/04/2023), redactado por Javier García Villamisar, enxeñeiro industrial.

PROXECTO DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NUNHA PISCINA EN PORTO DO SON(R.E. nº 788 de 10/04/2023), redactado por Javier García Villamisar, enxeñeiro industrial.

Vista a Orde do 29 de decembro de 2022 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D), publicada no DOG, núm. 19 do 27 de xaneiro de 2023.

Tendo en conta as razóns expostas no informe xustificativo da necesidade do contrato emitido por esta Alcaldía obrante no expediente onde de forma resumida se indica que “ *.../.... En base ao reflectido anteriormente redáctase un proxecto técnico, que ten como obxecto fundamental establecer as accións necesarias para mellorar varias instalacións do sistema de saneamento de augas residuais do Concello de Porto do Son* ”

Visto o disposto no artigo 116 Lei 9/2017 de 8 de novembro segundo o cal:



“1. La celebración de contratos por parte de las Administraciones Públicas requerirá la previa tramitación del correspondiente expediente, que se iniciará por el órgano de contratación motivando la necesidad del contrato en los términos previstos en el artículo 28 de esta Ley y que deberá ser publicado en el perfil de contratante.

2. El expediente deberá referirse a la totalidad del objeto del contrato, sin perjuicio de lo previsto en el apartado 7 del artículo 99 para los contratos adjudicados por lotes.

3. Al expediente se incorporarán el pliego de cláusulas administrativas particulares y el de prescripciones técnicas que hayan de regir el contrato. En el caso de que el procedimiento elegido para adjudicar el contrato sea el de diálogo competitivo regulado en la subsección 5.^a, de la Sección 2.^a, del Capítulo I, del Título I, del Libro II, los pliegos de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas serán sustituidos por el documento descriptivo a que hace referencia el apartado 1 del artículo 174. En el caso de procedimientos para adjudicar los contratos basados en acuerdos marco invitando a una nueva licitación a las empresas parte del mismo, regulados en el artículo 221.4, los pliegos de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas serán sustituidos por el documento de licitación a que hace referencia el artículo 221.5 último párrafo.

Asimismo, deberá incorporarse el certificado de existencia de crédito o, en el caso de entidades del sector público estatal con presupuesto estimativo, documento equivalente que acredite la existencia de financiación, y la fiscalización previa de la intervención, en su caso, en los términos previstos en la Ley 47/2003, de 26 de noviembre, General Presupuestaria.”

Considerando que nos atopamos ante un contrato de suministro e que a este lle resulta de aplicación o réxime xeral da Lei 9/2017 de 8 de novembro e o específico dos artigos 298 e ss do mesmo texto normativo.

Visto o disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector Público, e en concreto no seu artigo 131.2 dos que resulta que o procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación resulta ser o ordinario, considérase o procedemento aberto como o máis axeitado para levar a cabo a presente contratación.

Tendo en conta o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril en relación coa DA II da lei 9/2017 de 8 de novembro e o réxime de delegación de competencias do concello de Porto do Son (BOP nº 133 de 16 de xullo do 2019, modificada por resolución de 28 de xullo de 2022, BOP nº 145 de 2 de agosto de 2022).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro. Incoar o correspondente expediente administrativo de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación e tramitación ordinaria do suministro e instalación de fotovoltaicas para a Piscina municipal e a Casa do concello de Porto do Son de conformidade cos proxectos técnicos presentados no concello en data de 10/04/2023 (R.E. nº 788), actuación financiada



mediante Resolución da Axencia Instituto Enerxético de Galicia de 28 de outubro de 2021 (DOG nº 215 de 09/11/2021) pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 4 e 5 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector residencial, as administracións públicas e ao terceiro sector no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422J e IN422K).

Segundo: Incorporar ao expediente a seguinte documentación:

- Proxectos técnicos presentados en data de 10/04/2023 que actuarán como PPT.
- PCAP reguladores do contrato.
- Certificado de existencia de crédito pola intervención municipal para levar a cabo a correspondente actuación.

Terceiro: Efecutado o anterior, someterase o expediente á informe previo de secretaria e fiscalización da intervención municipal, e como paso previo á súa remisión ao PREMADECOR.

Cuarto: Realizadas as actuacións anteriores, e coas consideracións que no seu caso estime oportuno facer o Comité Anti fraude , traerase o expediente á XGL aos efectos da súa aprobación e publicación da oportuna licitación.

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE

